



ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN06	Anatomía patolóxica e citodiagnóstico	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1381	Citoloxía xinecolóxica	2024/2025	7	157	157

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	CASANDRA VEIGA RODRÍGUEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral do título de técnico superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico consiste en procesar mostras histolóxicas e citolóxicas, seleccionar e facer a aproximación diagnóstica de citoloxías xinecolóxicas e xerais, e colaborar na realización de necropsias clínicas e forenses, de maneira que sirvan como soporte ao diagnóstico clínico ou médico-legal, organizando e programando o traballo, e cumprindo criterios de calidade do servizo e de optimización de recursos, baixo a supervisión facultativa correspondente.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en laboratorios de citoloxía, laboratorios de patoloxía e centros de investigación.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Recoñecemento das características morfolóxicas e funcionais do aparello xenital feminino do aparello xenital feminino		25	15
2	Identificación dos datos clínicos da solicitude do estudio citolóxico		32	15
3	Análise da citoloxía xinecolóxica		27	14
4	Citopatoloxía benigna nas extensións cérvico-vaxinais		25	14
5	Citopatoloxía neoplásica nas extensións cérvico- vaxinais		27	14
6	Análise da citoloxía mamaria		11	14
7	Análise de mostras citolóxicas de vulva, endometrio, trompas e ovario		10	14

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Recoñecemento das características morfolóxicas e funcionais do aparello xenital feminino do aparello xenital feminino	25



4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece as características morfolóxicas e funcionais do aparello xenital feminino, e describe a anatomofisioloxía, a histoloxía e a actividade hormonal	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Detalláronse as características anatómicas dos órganos xenitais femininos
CA1.2 Describiuse a anatomía, a fisioloxía e a histoloxía dos órganos xenitais internos e externos
CA1.3 Relacionouse o ciclo ovárico co ciclo endometrial
CA1.4 Identificáronse as hormonas relacionadas co ciclo menstrual e a súa actividade
CA1.5 Describíronse as características da puberdade e o climaterio
CA1.6 Distinguíronse os cambios histolóxicos durante o embarazo e a lactación
CA1.7 Clasificáronse os métodos anticonceptivos
CA1.8 Xustificouse a importancia da protección de datos e o segredo profesional

4.1.e) Contidos

Contidos
Características anatómicas dos órganos xenitais.
Anatomía, fisioloxía e histoloxía do aparello reprodutor feminino: histoloxía do ovario, a trompa, o útero, o colo uterino, a vagina e a vulva. Endocérvix e exocérvix.
Ciclo menstrual. Ciclo ovárico
Puberdade e climaterio.
Embarazo e lactación: histoloxía xenital no embarazo e na lactación.



Contidos
Anticoncepción.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Identificación dos datos clínicos da solicitude do estudio citolóxico	32

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os datos clínicos da solicitude de estudo citolóxico, tendo en conta a relación das probas diagnósticas coa patoloxía xenital	SI
RA3 - Analiza citoloxías xinecolóxicas e describe os patróns de normalidade celular	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbense os métodos de exploración xinecolóxica
CA2.2 Detálláronse as técnicas de obtención de mostras
CA2.3 Identificouse a semioloxía asociada á patoloxía xenital feminina
CA2.4 Descríbense os trastornos hormonais e sistémicos relacionados con manifestacións clínicas do aparello xenital feminino
CA2.5 Detálláronse os procesos inflamatorios e infecciosos xenitais
CA2.6 Definiuse a patoloxía tumoral benigna
CA2.7 Descríbiuse a patoloxía tumoral maligna



Criterios de avaliación
CA2.8 Analizáronse os aspectos epidemiolóxicos do cancro xenital
CA3.1 Detalláronse as técnicas de toma de mostra citolóxica

4.2.e) Contidos

Contidos
Métodos de exploración xinecolóxica. Tipos de mostras xinecolóxicas. Extensión cérvico-vaxinal. Técnica da tripla toma de mostras. Citoloxía líquida. Síntomas e signos en patoloxía xenital feminina. Patoloxía inflamatoria e infecciosa. Patoloxía tumoral benigna de útero. Patoloxía tumoral maligna de útero: infección por virus do papiloma humano (HPV). Epidemioloxía do cancro xenital feminino e da mama. Métodos de exploración.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Análise da citoloxía xinecolóxica	27

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Analiza citoloxías xinecolóxicas e describe os patróns de normalidade celular	NO



4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.2 Descríbense as técnicas de preparación, fixación, tinguidura e diagnóstico
CA3.3 Detálláronse os requisitos de idoneidade da mostra
CA3.4 Descríbiuse a técnica de varrido
CA3.5 Definiuse o método de lectura da preparación
CA3.6 Realizouse a marcaxe de zonas de interese
CA3.7 Detectáronse e marcáronse artefactos e contaminantes nas citopreparacións
CA3.8 Definíronse os patróns de normalidade celular cérvico-vaxinal
CA3.9 Diferenciáronse os tipos celulares presentes nas extensións cérvico-vaxinais
CA3.10 Identificáronse patróns de normalidade hormonal nas extensións cérvico-vaxinais
CA3.11 Identificáronse outros compoñentes celulares e non celulares presentes na extensión

4.3.e) Contidos

Contidos
Técnicas de toma citolóxica: ovario, trompa, endometrio, cérvico-vaxinal e vulva.
0Artefactos e contaminantes na citoloxía cérvico-vaxinal.
Técnicas de estudo citolóxico.
Técnicas de procesamento: preparación, fixación, tinguidura e diagnóstico.
Recursos tecnolóxicos en citodiagnóstico. Automatización. Citoloxía líquida.
Idoneidade da mostra e adecuación da extensión.



Contidos
Normas para a lectura das extensións citolóxicas. Avaliación hormonal. Patróns hormonais fisiolóxicos. Citloxía normal do aparello xenital feminino. Colo uterino normal. Acción hormonal sobre o epitelio.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Citopatoloxía benigna nas extensións cérvico-vaxinais	25

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Analiza extensións cérvico-vaxinais e describe os signos de alteración na patoloxía benigna non tumoral	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Diferenciáronse as características da inflamación
CA4.2 Clasificáronse as principais infeccións cérvico-vaxinais e os microorganismos responsables
CA4.3 Descríbense as características morfolóxicas e de tingidura específicas dos microorganismos que poden aparecer en extensións cérvico-vaxinais
CA4.4 Identificáronse as alteracións celulares producidas polos microorganismos
CA4.5 Identificáronse as características dos procesos reactivos ou dexenerativos e rexenerativos
CA4.6 Realizouse o varrido da citopreparación e a marcáronse os achados de interese
CA4.7 Relaciónáronse entre eles os achados histopatolóxicos cos datos clínicos



Criterios de avaliación
CA4.8 Elaborouse o informe coa terminoloxía médico-clínica adecuada

4.4.e) Contidos

Contidos
Infeccións bacterianas, por fungos, por clamydias e por virus. Parasitose. Cambios inflamatorios das células epiteliais. Citoloxía do DIU. Procesos reactivos benignos do epitelio: metaplasia escamuda. Cambios reparativos. Hiperqueratose e paraqueratose.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Citopatoloxía neoplásica nas extensións cérvico- vaxinais	27

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Analiza extensións cérvico-vaxinais e describe as alteracións celulares en procesos neoplásicos benignos e malignos	SI



4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Definíronse os criterios de diagnóstico citopatolóxico nas lesións preneoplásicas e neoplásicas do colo uterino
CA5.2 Identifícaronse as alteracións morfolóxicas celulares neoplásicas benignas
CA5.3 Identifícaronse as alteracións morfolóxicas celulares neoplásicas malignas
CA5.4 Descríbironse os criterios de malignidade xerais e específicos de cada tipo tumoral
CA5.5 Realizouse o varrido da citopreparación e marcáronse os achados de interese
CA5.6 Relaciónáronse as imaxes citopatolóxicas coa clínica informada
CA5.7 Elaborouse o informe coa terminoloxía médico-clínica adecuada

4.5.e) Contidos

Contidos
Diagnóstico citolóxico cérvico-vaxinal: sistema Bethesda. Negativo para lesión intraepitelial con malignidade (NILM).
Anomalías das células epiteliais escamudas. Células escamudas atípicas de significado indeterminado (ASC-US). Lesión escamuda intraepitelial de baixo grao (LSIL). Lesión escamuda intraepitelial de alto grao (HSIL). Carcinoma escamudo infiltrante.
Anomalías das células epiteliais glandulares: células endocervicais atípicas e células endometriais atípicas. Adenocarcinoma endocervical in situ. Adenocarcinoma.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Análise da citoloxía mamaria	11



4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Analiza imaxes de citoloxías procedentes da mama en relación cos patróns de normalidade e anormalidade celular	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Describiuse a histoloxía e as características celulares da mama
CA6.2 Definíronse os procesos benignos e malignos máis frecuentes
CA6.3 Tipificáronse os tipos de mostras da mama
CA6.4 Definíronse as características dun patrón citolóxico de normalidade
CA6.5 Definíronse as características dun patrón citopatolóxico
CA6.6 Tipificáronse as modificacións e os elementos formes extracelulares que se observan nas preparacións
CA6.7 Identificáronse as características dun patrón neoplásico benigno e maligno, e os criterios citolóxicos específicos de malignidade
CA6.8 Relacionouse o achado coa información clínica achegada, e rexistrouse o resultado coa terminoloxía correspondente

4.6.e) Contidos

Contidos
Histoloxía da mama.
Métodos de exploración.
Patróns de normalidade na citoloxía da mama.
Citopatoloxía non tumoral da mama.
Citopatoloxía tumoral da mama. Inmunocitoquímica no cancro de mama.



4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Análise de mostras citolóxicas de vulva, endometrio, trompas e ovario	10

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA7 - Analiza mostras citolóxicas de vulva, endometrio, trompas e ovario, e describe os patróns de normalidade celular, inflamación, dexeneración e neoplasia	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA7.1 Identifícaronse os criterios de idoneidade da mostra
CA7.2 Descríbense as alteracións morfolóxicas celulares de cada órgano ou tecido na patoloxía inflamatoria, dexenerativa e tumoral
CA7.3 Realízouse o varrido da citopreparación e márcáronse os achados de interese
CA7.4 Relaciónáronse as imaxes citopatolóxicas coa clínica
CA7.5 Elaborouse o informe coa terminoloxía médico-clínica adecuada

4.7.e) Contidos

Contidos
Citloxía vulvar. Citloxía normal. Procesos inflamatorios e infecciosos. Tumores malignos.
Citloxía de endometrio. Citloxía normal. Procesos inflamatorios. Patoloxía benigna. Adenocarcinoma endometrial. Citloxía de trompas de Falopio. Citloxía normal. Patoloxía benigna e maligna.
Citloxía de ovario. Citloxía normal. Patoloxía benigna e maligna.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os criterios de avaliación levados a cabo no módulo de Citología Xinecolóxica serán:

- As actividades totais de ensinanza- aprendizaxe: traballos, actividades, tarefas.....20%
 - Exames realizados ao longo do curso por U.D.....80%

 - As probas escritas de cada U.D. serán propostos nunha única data ó final de cada trimestre, onde se avaliarán individualmente todas as U.D. dadas nese periodo.
 - As probas constarán de preguntas tipo test, preguntas cortas e/ou identificación de imaxes.
 - Cada resposta mal contestada terá unha penalización: por cada tres respostas mal contestadas, descontarase unha ben.
 - A cualificación será numérica, entre 1 e 10. A superación do módulo requirirá a avaliación positiva de cada U.D. nesta parte (probas escritas). Considérandose positivas as puntuacións iguais ou superiores a 5 puntos.
 - Además para a superación do módulo, é imprescindible a entrega de todas as actividades/tarefas/traballos realizados durante o curso en tempo e forma.
 - A nota final do módulo será a media ponderada de todas as unidades didácticas (20% actividades e 80% proba escrita de cada U.D.); todas as unidades didácticas aportan o mesmo peso avaliativo.
- Para a valoración das actividades de ensino-aprendizaxe teranse en conta os seguintes criterios:
- Entrega en tempo e forma establecidos previamente
 - Organización: Unidade do tema/orde, estruturación
 - Contido: claridade, concreción ao tema, rigor.
 - Metodoloxía: Medios audiovisuais, outros recursos.
 - Presentación: voz: intensidade/pronunciación.
-
- Calquera intento de fraude tanto nas probas escritas como nas actividades da aula, resultarán na cualificación do/a alumno/a nesa proba ou actividade cun 0.
 - No caso de que o alumnado non puidera asistir á proba escrita nad ata sinalada para facelo, suspenderá o módulo, salvo xustificación establecida na lexislación vixente para a inasistencia a probas.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

ALUMNADO QUE NON SUPERA ALGUNHA DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:



No caso de non ser superadas as probas escritas de cada U.D., o alumno poderá presentarse a outra proba similar ao finalizar o trimestre para recuperar esa U.D. No caso de non superarla nesta data, terá que examinarse de novo desta U.D. na convocatoria ordinaria. Sendo imprescindible para aprobar, en ambos casos, obter unha nota dun 5 ou máis para a superación do módulo e seguir os criterios de calificación expostos anteriormente (80% examen e 20% actividades ensino-aprendizaxe). Do mesmo xeito, será imprescindible a entrega de todas as actividades realizadas o longo do curso para poder acabar unha avaliación positiva no módulo.

A esta recuperación final pódese presentar todo alumno que así o desexa para subir nota. A nota acadada será a súa nota de avaliación (na parte de proba escrita).

AUMNADO QUE REPITE CURSO/ALUMNADO QUE TEN ESTE MÓDULO PENDENTE:

Este alumnado deberá cursar o módulo nas mesmas condicións que o alumnado que o cursa por primeira vez.

Para superar o módulo será necesario acadar todos os mínimos das unidades didácticas, así como superar cada proba escrita coa puntuación mínima establecida (5 sobre 10)

O alumno será cualificado atendendo aos criterios e instrumentos anteriormente sinalados cunha nota numérica de 1 a 10, sen decimais, aplicando redondeo en caso de acadar nota con decimais.

Considérase aprobada ou superada a materia se acada os mínimos e obtén unha cualificación de 5 ou superior.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perdera o dereito á avaliación continua por ter superado o 10% das faltas de asistencia de xeito non xustificadas (16 horas), non poderá presentarse as probas escritas da avaliación continua.

MÍNIMOS EXIXIBLES:

Serán todos os criterios de avaliación indicados como mínimo exixible para cada unidade didáctica, citados con anterioridade. As probas escritas versarán sobre os mínimos exixibles da programación.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

A avaliación deste alumnado farase por medio dunha única proba escrita de cada UD do módulo. A proba escrita terá características similares, ás realizadas nas avaliaciões, podendo incluír preguntas tipo test, preguntas curtas, preguntas dirixidas á interpretación/identificación de maxes, entre outras.

No caso do tipo test, cada resposta mal contestada terá unha penalización: por cada tres respostas mal contestadas, descontarase unha ben.

- A cualificación será numérica, entre 1 e 10. A superación do módulo requirirá a avaliación positiva de cada U.D. Considérandose positivas as puntuacións iguais ou superiores a 5 puntos.



CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

O alumno será cualificado cunha nota numérica de 1 a 10, sen decimais, aplicando redondeo en caso de acadar nota con decimais.

Considérase aprobada ou superada a materia se acada os mínimos e obtén unha cualificación de 5 ou superior en cada U.D. da proba escrita.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- Grao de cumprimentación da temporalización.
- Logro dos obxectivos programados.

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través de cuestionarios periódico pasados aos alumnados nos que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traball na aula técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

O seguimento da programación será documentada mensualmente no modelo Seguimento da programación e na memoria final do módulo.

Avaliación da práctica docente.

Recadarase información a través dun ou varios cuestionarios que cumprimentará o alumnado, e nos que se solicitará a avaliación sobre a práctica docente, a metodoloxía e outros aspectos de relevancia na impartición do módulo.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

CUESTIONARIO INICIAL DO MÓDULO

- Elaboración polo alumnado dun cuestionario inicial nos primeiros días de comezo do curso escolar, non sendo valorable, senon tan só orientativa do nivel do alumnado. O obxectivo é determinar se existe algún caso que exixa medidas de apoio ou necesidades específicas.

VALORACIÓN DOS COÑECEMENTOS PREVIOS A CADA UNIDADE DIDÁCTICA

- Realización de cuestionarios test ou preguntas de contestación curta (orales ou escritas) para constatar os coñecementos previos do alumnado e



poder avaliar posteriormente a súa progresión.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As medidas de reforzo educativo seguintes serán individualizadas segundo as características do alumno ou alumna:

- Realización polo alumno/a de esquemas sobre os apuntes da clase .
- Repaso dos contidos e resolución de dúbidas de forma individual.
- Traballo con supostos hipotéticos co profesor.
- Revisión co profesor de actividades realizadas polo alumno/a de forma voluntaria.
- Realización de actividades con outros alumnos e alumnas en grupos constituídos polo profesor que poidan ser positivos para o reforzo.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

No desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe están implícitos o traballo en grupo, a decuación cívica, a igualdade de mulleres e home e a educación para a convivencia. Pola súa especial relevancia e a súa relación con este módulo, destacaremos os seguintes aspectos:

- O respecto a outras persoas (compañeiros, persoal docente ou outro persoal do centro)
- Respecto ao material do centro, mobiliario, material de laboratorio, etc
- A necesidade de manter o segredo profesional
- As novas tecnoloxías, TIC, están incluídas nos recursos utilizados e serán de uso común.
- A prevención de riscos e seguridade e hixiene no traballo
- Educación medioambiental. As materias primas que utilizados, as transformacións que realizamos (fumes e gases) e refugallo que xeneramos, indican na calidade do medio ambiente. O uso de enerxías renovables, a reciclaxe e a sustentabilidade
- Educación para a saúde.

Todas estas cuestións serán traballadas ao longo do curso.



9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Actividades previstas durante o curso escolar Sempre que sexan dentro dos acordos establecidos no R.R.I.e poidan levarse a cabo no desenvolvemento da programación. A temporización repartirase dependendo das disponibilidades orzamentarias e da programación.

Asistencia as charlas programadas polo departamento de sanitaria do centro.

10.Outros apartados

10.1) Covid 19

Covid 19: Ao longo do presente curso seguiranse as recomendacións establecidas polas autoridades sanitarias.